



**Resolución do 11 de decembro de 2013, da Xefatura Territorial de Economía e Industria de Pontevedra, pola que se sinala a data para o pagamento dos prezos xustos polas imposicións de servidumes de paso para a execución do proxecto denominado CT BORREIROS, no concello de GONDOMAR, do que ten a condición de beneficiaria da expropiación a empresa UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A.**

O Xurado de Expropiación de Galicia notificou aos interesados, á empresa beneficiaria da expropiación e a este departamento territorial os acordos que determinan os prezos xustos polo establecemento das servidumes de paso nas fincas que se citan na relación que se anexa.

De acordo có establecido nos artigos 48.1 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e 48.2 e 49 do seu regulamento aprobado mediante decreto de 26 de abril de 1957.

RESOLVO, sinalar o día 18 de febreiro de 2014, ás 12 horas, na casa do concello de Gondomar como lugar de convocatoria para o pagamento dos prezos xustos das fincas situadas nese concello.

A este acto deberá concorrer o Sr. Alcalde, o Secretario do concello, o representante desta xefatura territorial e o representante da empresa beneficiaria da expropiación. Os expropriados recibirán unha liquidación detallada do pagamento e farase constar nunha acta as persoas que concorran e as incidencias producidas.

Esta resolución será comunicada ao Alcalde do concello de Gondomar para a súa publicación no taboleiro de anuncios da casa do concello, e servirá de comunicación para os titulares daqueles predios que figuran como descoñecidos ou se ignora o lugar de notificación, de acordo co establecido no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Xefe territorial,

Ignacio Rial Santome

